



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm.: RES/AYT/31/2023 03/01/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 10816I0HG9	
Código de verificación  4M0X 6D5U 1Z3H 0L2L 0QM5	Expediente 108/2022/2271	
	Data 29-12-2022	

Asunto: Cobertura en comisión de servizos do posto de asistente de administración de Arquivo do Servizo de Cultura.

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A xefa do servizo de Cultura remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de asistente de administración de Arquivos do Servizo de Cultura, número 304 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de traballo solicítase, entre outras causas, polo incremento da carga de traballo no Servizo de Cultura, así como pola falta grave de persoal que existe actualmente no Servizo de Cultura como consecuencia das xubilacións que se produciron nos últimos anos.

Segundo.- Con data 13 de decembro de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo servizo de Cultura:

1. Asistente de administración de Arquivo (Servizo de Cultura), referencia 304

No citado anuncio, indicase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúna os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que quixera participar nesta convocatoria, deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Uni d Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.	FP	Adm.
Cult. e Mem. Histórica	CM3000	Arquivos	304	Asist. Admon.	C1/C2	18	AX	FR06	C	AY

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que

aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 304, asistente de administración de Arquivo do Servizo de Cultura, actualmente atópase vacante.

Segunda.- O xefe de servizo de RR.HH. co conforme do director de Economía, Facenda e Rexime Interior con data 28/12/2022 (código verificación 1C2K255N5Z370N1S14H6), unha vez examinada a solicitude recibida e o CV da candidata presentada así como o informe, de data 23/12/2022 e código verificación 0A1P1J5S486868160FUY, da xefa do servizo de Cultura, emite unha proposta de nomeamento de Dona Ana Mª Mercedes Varela Gómez, en comisión de servizos, no posto asistente de administración de Arquivo do Servizo de Cultura (ref. posto 304).

Terceira.- Cabe indicar en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicitación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de asistente de administración de Arquivo do Servizo de Cultura (ref. posto 304) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Cultura, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Dona Ana Mª Mercedes Varela Gómez, en comisión de servizos, ao posto de traballo de asistente de administración de Arquivo do Servizo de Cultura, referenciado co número 304 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será seis meses. Dita comisión de servizos pode prorrogarse por seis meses máis, ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Cult. e Mem. Hist.	CM3000	Arquivos	Asist. Admon.	304	C1/C2	18	AX	FR06

Quinta. O posto de orixe de Dona Ana M^a Mercedes Varela Gómez, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Cult. e Mem. Hist.	CM3000	Arquivos	Of. Administ.	305	C1/C2	16	AX	FR04

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 330, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona Ana M^a Mercedes Varela Gómez (NIF ***8007**), en comisión de servizos, ao posto de asistente de administración de Arquivos do Servizo de Cultura (nº referencia posto 304). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Cult. e Mem. Hist.	CM3000	Arquivos	Asist. Admon.	304	C1/C2	18	AX	FR06

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será seis meses. Dita comisión de servizos pode prorrogarse por seis meses máis, ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e á xefa de servizo de Cultura.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas